



## CONVOCATORIA DE XUNTA XERAL EXTRAORDINARIA

**Día:** 04.10.2022

**Hora:** 20.00 h (1ª convocatoria); 20:30 h (2ª convocatoria)

**Lugar:** salón de actos do ICA Santiago (rúa de Eduardo Pondal, 4, baixo)

A Xunta de Goberno do ICA de Santiago, na sesión do 07.09.2022, a teor do disposto nas normas estatutarias de aplicación (arts. 94 a 98 do Estatuto colexial), adoptou o acordo de **convocar a xunta xeral extraordinaria** para o vindeiro **4 de outubro** de 2022, ás **20.00 h en primeira convocatoria** e, de non acadarse o quórum requirido (asistencia da metade mais un dos colexiados e colexiadas con dereito a voto –art. 96.a do Estatuto colexial), ás **20.30 h en segunda convocatoria**, que terá lugar no salón de actos do ICA Santiago (rúa de Eduardo Pondal, 4, baixo), consonte a seguinte orde do día:

### ORDE DO DÍA

**Único. Aprobación, se procede, do novo estatuto colexial, adaptado ao Estatuto xeral da avogacía española (aprobado polo RD 135/2021 do 2 de marzo).**

Desde os quince días anteriores á data fixada para a celebración da xunta xeral e ata o día anterior a ela, atópase a disposición de todos os colexiados e colexiadas, na secretaría do ICA Santiago, a documentación do asunto que será obxecto da convocatoria (art. 95 do Estatuto colexial).

Mediante a circular informativa 14/2022 (registro de saída núm. 1317 con data do 01.09.2022) comunicouse a posta de manifesto do proxecto do novo estatuto colexial, cuxo texto se achegou coa circular e que tamén se publicou no taboleiro de anuncios físico e na páxina web. Na dita circular estableceuse un prazo de 15 días naturais para presentar emendas ao proxecto de novo estatuto.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente.

O secretario

